

TRANSICIÓN OCUPACIONAIS E REPRESENTACIÓN NA PROCURA DE TRABALLO. COMPARACIÓN DE MERCADOS DE TRABALLO BAIXO DISTINTOS RÉXIMES DE WELFARE: SÃO PAULO, PARÍS E TOKÍO¹

NADYA A. GUIMARÃES
Departamento de Socioloxía
Facultade de Filosofía, Letras e Ciencias Humanas (FFLCH)
Universidade de São Paulo

Recibido: 9 de novembro de 2004

Aceptado: 28 de febreiro de 2005

Resumo: Este texto compara tres mercados metropolitanos de traballo –São Paulo, París e Tokio–, que se basean en tres tipos diferentes de réxime de welfare, para reflexionar sobre dúas cuestións. Primeira: ao variar os sistemas de emprego e as formas de institucionalización do desemprego, varían os patróns asumidos polas transicións e traxectorias ocupacionais, incluso as formas de recorrencia do desemprego. Segunda: ao variar as configuracións do mercado, varían as representacións sobre a busca de traballo e os patróns de mobilización de recursos para a obtención dun emprego (mecanismos institucionalizados nos sistemas de emprego e/ou de redes sociais). As informacións lonxitudinais sobre transicións ocupacionais e os datos actitudinais sobre a busca de traballo foron obtidos a partir de investigacións mostrais realizadas en cada unha das tres metrópolis nun proxecto comparativo internacional. Nun survey complementario da investigación de emprego e desemprego entrevistouse a preto de 7.000 desempregados, representantes da realidade da rexión metropolitana de São Paulo; en dous surveys en axencias de emprego (dos sistemas ANPE en Francia e PESO no Xapón) entrevistáronse preto de 1.600 demandantes de traballo en París e 1.500 en Tokio.

Palabras clave: Transicións ocupacionais / Traxectorias / Mercado de traballo / Desemprego / Brasil / Francia / Xapón / São Paulo / París / Tokio.

OCCUPATIONAL TRANSITIONS AND PATTERNS OF JOB SEARCH. COMPARING LABOR MARKETS UNDER DIFFERENT WELFARE REGIMES: SÃO PAULO, PARIS AND TOKYO

Abstract: The paper compares three metropolitan labor markets (São Paulo, Paris and Tokyo), embedded in three different forms of welfare regimes, in order to go further addressing two issues. First: how different types of employment regimes and unemployment institutionalization conduce to various patterns in occupational trajectories and transitions, and to various forms of unemployment recurrence. Second: how societal variations induces to differences perceptions on patterns of job search and social networks mobilization. Longitudinal information on transitions and attitudinal data come from three articulated surveys conducted in each metropolis as part of a comparative project.

Keywords: Transitions / Unemployment / Job search / São Paulo / Paris / Tokyo.

¹ Este texto foi preparado, en principio, para a súa discusión no seminario temático *Análise sociológica dos fenómenos económicos*, realizado no XXVIII Encontro Anual da ANPOCS –Associação Nacional de Pós-Graduação e Pesquisa em Ciências Sociais–, que tivo lugar en Caxambu (Brasil) do 26 ao 30 de outubro de 2004.

Agradézolles a Paulo Henrique da Silva e a Marcus Farbelow o seu apoio na preparación e no tratamento dos datos que aquí presento, así como a Paula Montagner que, mentres foi xerente de análise da Fundación SEADE, comparatiu decisións relativas á concepción e implementación en Brasil do survey que fixo posible este estudo. A análise aquí presentada tamén se lle incorporaron as discusións e os textos realizados polo equipo de coordinación do proxecto comparativo internacional *Chômage: approches institutionnelle et biographique. Une comparaison Brésil, France, Japon*, do que formo parte, e do que tamén son membros Didier Demazière, Helena Hirata, María Teresa Pignony e Kurumi Sugita. Finalmente, o desenvolvemento do proxecto no Brasil non tería sido posible sen o soporte financeiro do CNPq (Auxílio Pesquisa 469792-00 e Programa de Cooperaç o Bilateral CNPq-CNRS Projeto 690030-01-0), do CEM (Programa Fapesp/CEPID 1998/14342-9), da William and Flora Hewlett Foundation (US-Latin America Program, Grant # 200-5377) e sen o soporte institucional do Departamento de Socioloxía da Universidade de São Paulo e do Centro de Estudos da Metrópole, que asocia a USP, a Cebrap e a Fundación SEADE.

1. INTRODUCCIÓN

Os mercados urbanos de traballo, sobre todo os grandes mercados metropolitanos, destacaron pola intensidade coa que se veu manifestando neles o fenómeno do desemprego. Unha parte destacada da atención da comunidade científica, así como do interese das políticas públicas, dirixiuse a entender e a intervir sobre esa tendencia. Mentres, unha observación máis detida permite concluír que esas transformacións non se restrinxen á intensificación no risco de caer ou de permanecer no desemprego. Como consecuencia disto, a propia organización dos mercados metropolitanos de traballo viuse afectada, alterando o patrón das transicións entre situacións ocupacionais: da transición entre situacións de emprego e desemprego, ou da transición entre situacións de actividade e inactividade.

Na miña opinión, os patróns de transición ocupacional varían en función da maneira en que se institucionalizan nas diferentes sociedades os sistemas de emprego e de protección social: os chamados “réximes de *welfare*” (por usar o concepto acuñado por Gallie *et al.*, 2000). Neste sentido, en estudos anteriores comparei mercados metropolitanos de traballo en contextos diferenciados polas súas lóxicas institucionais (Guimarães *et al.*, 2003; Guimarães, Hirata, Montagner, Sugita, 2003; Guimarães, 2004a e 2004b; Guimarães, Silva e Farbelow, 2004). Así, resultados de *surveys* lonxitudinais, realizados segundo unha metodoloxía similar, confrontarán traxectorias ocupacionais nas rexións metropolitanas de París (1995-1998), de Tokío (1994-2001) e de São Paulo (1994-2001), realidades que ilustran tres tipos de réximes de *welfare* distintos: 1) un sólido sistema público, como o erixido en Francia, cuxo auxe coincide cos chamados “trinta anos gloriosos” de expansión capitalista na posguerra; 2) un puxante, aínda que selectivo, sistema privado de protección establecido no Xapón durante a vixencia do chamado “modelo de emprego vitalicio”; e 3) unha recente e limitada experiencia de protección ao desemprego, como a brasileira, que se constituíu no curso da redemocratización de finais dos anos oitenta e que se erixiu sobre a base dun mercado no que predominaban intensas transicións entre ocupacións e, nestas, unha situación de asalariamento restrinxido (Lautier, 1987).

Neses estudos pretendemos destacar que os patróns de transición ocupacional se diferencian fortemente, reflectindo as normas de emprego predominantes en varios contextos institucionais. No curso da primeira parte do texto retomaremos esa idea cando analicemos o caso da rexión metropolitana de São Paulo e situemos a especificidade do patrón de transición ocupacional que nela ten lugar en comparación cos outros dous casos-tipo arriba indicados e que tamén foron estudados. Veremos como en São Paulo ese patrón se fundamenta en dúas características principais. En primeiro lugar, nun tipo de mobilidade no mercado de traballo marcado polo que se deu en chamar “desemprego recorrente”, para diferencialo do fenómeno do “desemprego de longa duración” que se manifesta con claridade (aínda que en graos

distintos) nas outras dúas rexións metropolitanas, converténdose no gran desafío para as políticas públicas e, por que non dicilo, para o mantemento dos sistemas de protección, cando menos tal e como se estableceron durante o último ciclo longo de expansión capitalista, que beneficiou tanto a París como a Tokio. En segundo lugar, veremos como outra característica específica da rexión metropolitana de São Paulo –o modelo de transición no mercado de traballo– contempla tanto a mobilidade que se fai entre situacións de ocupación e desemprego (é dicir, a mobilidade que ten lugar nos límites internos do mercado, tal e como analiticamente acostumamos a entendelo) como a mobilidade entre situacións de actividade e de inactividade (é dicir, a mobilidade que ten lugar máis alá dos seus límites polo tránsito entre ocupación, ou desemprego, e inactividade).

Agora ben, un tránsito ocupacional que excede as marxes do mercado de traballo podería esperarse só en determinados momentos do ciclo de vida: no inicio deste (cando se entra na ocupación deixando a inactividade, movemento que se produciría no paso da xuventude á idade adulta, ao final do ciclo escolar) ou ao final do dito ciclo (cando se deixa o mercado de traballo logo dunha longa vida activa). A diferenza da expectativa teórica, construída a partir do estudo de mercados de traballo onde se institucionaliza unha norma salarial –no caso de São Paulo, moverse cruzando as fronteiras de saída do mercado–, móstrase un tipo de transición tan común como é moverse entre ocupación e desemprego. Ademais, lonxe de ser este un patrón restrinxido a un grupo social, circunscrito e marcado pola súa progresiva desafiliación (Castel, 1995), no caso de São Paulo isto pode ser evidente como norma para unha parte cuantitativamente moi significativa da poboación en idade activa². Así, a primeira parte do texto pretenderá argumentar que, baixo distintos sistemas de emprego e formas de institucionalización do desemprego, son diversos os patróns asumidos polas transicións e traxectorias ocupacionais, incluso as formas do desemprego.

Pero, por outro lado, o texto procurará avanzar un segundo argumento: se varían as configuracións dos mercados varían tamén as representacións sobre a busca de traballo e os patróns de mobilización de recursos para a obtención de ocupación (mecanismos institucionalizados nos sistemas de emprego e/ou nas redes sociais). Para iso, compararemos os resultados de tres *surveys* lonxitudinais, que se integrarán con fins analíticos nun mesmo proxecto comparativo internacional³. O primeiro deses *surveys* ten lugar en tres grandes rexións de Francia, incluíndo entre elas a rexión metropolitana de París-Île de France, que analizaremos aquí, e na que se investigaron feitos ocupacionais vividos polos demandantes de emprego no período

² Aínda que desigualmente distribuído entre homes e mulleres, entre negros e brancos, como tivemos oportunidade de documentar noutra ocasión (Guimarães, Silva e Farbelow, 2004).

³ Trátase do proxecto *Chômage: approches institutionnelle et biographique. Une comparaison Brésil, France, Japon* (Demazière, Guimarães, Hirata, Pignony e Sugita, 2000), xa citado anteriormente.

comprendido 1995-1998⁴. O segundo recolle datos das transicións ocupacionais da rexión metropolitana de São Paulo (Brasil) durante o período 1994-2001⁵. O terceiro ten lugar na rexión metropolitana de Tokío (Xapón) durante o período 1990-2001⁶.

Que podemos, xa que logo, dicir dos patróns asumidos polas transicións e traxectorias ocupacionais, incluídas as formas do desemprego, nesas tres situacións onde varían os sistemas de emprego e os réximes de *welfare*? A esta cuestión dedicáremoslle o seguinte epígrafe.

2. TRANSICIÓNS OCUPACIONAIS, DESEMPREGO RECORRENTE E DESEMPREGO DE LONGA DURACIÓN: SISTEMAS DE EMPREGO, RÉXIMES DE *WELFARE* E PATRÓN DE TRAXECTORIA

Desde a década dos anos cincuenta, São Paulo consolidouse como a maior metrópole brasileira, concentrando unha parte significativa do produto interno bruto do Brasil, sobre todo da produción industrial. A partir dos anos oitenta, pero de forma especialmente notable ao longo da década dos anos noventa, a rexión sofre

⁴ Trátase do panel *Trajectoires des demandeurs d'emploi en marchés locaux de travail (TDE-MLT)*, levado a cabo en Francia polo Ministère du Travail et de la Solidarité, a través da Direction de l'Animation de la Recherche, des Études et des Statistiques (DARES). Na primeira das tres recollidas de datos que se levaron a cabo, o panel TDE serviu de inspiración para as outras dúas levadas a cabo no proxecto comparativo internacional. Este panel tivo como punto de partida unha lección de novos inscritos na Agence Nationale pour l'Emploi (AENPE) no período comprendido entre os meses de abril a xuño do ano 1995; para mellorar o panel só foron incluídos os individuos menores de 55 anos no momento de inicio do desemprego e que residisen nunha das oito zonas (denominadas "*bassin d'emploi*"), unha das cales é a rexión metropolitana París-Île de France. Montouse un panel prospectivo, que cubriría 33 meses de investigación, baseándose en tres recollidas de datos de acompañamento, tras a inscrición do seleccionado xunto á ANPE. Na primeira recollida (cara a cara), que tivo lugar entre os meses de xaneiro e marzo do ano 1996, incluíronse 8.125 persoas; na segunda (por teléfono), que se realizou no ano 1997, logrouse preservar 6.480 das respostas iniciais; na terceira (por teléfono), realizada no ano 1998, quedaban 5.262 das respostas iniciais. Estas forman o grupo que analizaremos.

⁵ A recollida de datos foi realizada como parte do programa de investigacións do CEM, en colaboración coa Fundación SEADE. Os datos foron recollidos mediante un cuestionario suplementario anexo á investigación de emprego e desemprego (PED) que a citada fundación desenvolve desde o ano 1985 como mostra domiciliaria representativa da poboación economicamente activa da rexión metropolitana de São Paulo. Entre os meses de abril e decembro do ano 2001 foron investigados preto de 27.000 domicilios, aplicándose o cuestionario suplementario cun aproveitamento final do 83% dos casos. Xerouse unha base de informacións significativa de 53.170 individuos, dos cales, no momento da entrevista, preto de 28.189 foron clasificados como ocupados, 6.627 como desempregados e 18.354 como inactivos. A duración do tempo de recollida (9 meses) xurdiu da necesidade de producir unha mostra que polo seu tamaño puidese ser representativa de todos os segmentos, incluso dos desempregados, que eran o continxente menor.

⁶ A fase empírica mediante cuestionario foi aplicada xunto a 12 axencias (*Shokugyo anteí sho* ou *Hello Work*) do sistema Public Employment Security Office (PESO), no período comprendido entre o 1 e o 31 de agosto do ano 2001, en catro localidades da rexión metropolitana de Tokío: Tokío, Kanagawa, Chiba e Saytama. Entregáronse cuestionarios individuais a todos os desempregados que afirmaron estar buscando traballo cando foron abordados polo equipo de investigadores presentes na axencia. Algúns deles encheron o cuestionario no local, mentres ca outros o levaron ao seu domicilio, enviándoo por correo posteriormente. Foron entregados en man 6.222 cuestionarios, cunha taxa de retorno de 27,1%, do que resultaron 1.685 cuestionarios cubertos con 1.503 casos válidos.

unha nova vaga de cambios que permite entrever importantes procesos en curso. No campo económico, de forma gradual a rexión deixa de ser o principal polo brasileiro de atracción de investimentos industriais para pasar a repartir, especialmente con outras rexións do propio Estado, o peso relativo que antes tiña na produción nacional. En contrapartida, as actividades terciarias creceron e diversificáronse. Á vez, ampliáronse no seu territorio as actividades de negocios, sobre todo de grandes empresas nacionais e transnacionais.

Este proceso de reestruturación, que se intensificou ao longo dos últimos quince anos, aumentou, por un lado, a competitividade e a capacidade de inserirse nunha economía máis globalizada e, por outro, afectou profundamente ao mundo do traballo, sobre todo no que respecta ás condicións de ocupación e á renda dos que nela residen (Comin, 2003).

Dous importantes sinais desa nova realidade fanse evidentes. En primeiro lugar, o aumento significativo do tempo que se emprega na busca de traballo, que se duplica en dez anos, co que se produce un crecemento particularmente acelerado na segunda metade dos anos noventa, sobre todo a partir do ano 1997. Con independencia das estatísticas e das metodoloxías utilizadas, conséntase que a busca de traballo se volve máis ardua e que isto afecta tanto a aqueles que se atopan nunha situación de desemprego manifesto como ao conxunto dos que buscan unha ocupación. En segundo lugar, o novo nivel alcanzado polas taxas de desemprego, manifesto e encuberto, que pasa a estar por riba dos dous díxitos, chegando incluso a afectar nos momentos máis críticos ao 20% da poboación activa (cf. metodoloxía PED *apud* Montagner, 2003)⁷.

Agora ben, cando a prolongación do tempo de desemprego e de busca de traballo convive cun sistema de protección pouco efectivo prodúcese unha inseguridade ocupacional, que se expresa –en realidades como a de São Paulo– nun intenso tránsito entre situacións no mercado de traballo, reflexo do esforzo individual para obter algún rendemento que permita a supervivencia dada a fragilidade da protección institucional. É dicir, nos últimos anos o tránsito no mercado de traballo intensifícase, aumentando a inseguridade ocupacional á que están suxeitos os individuos, que pasan con moita facilidade da condición de activos á de inactivos, de ocupados a desempregados (e viceversa).

Esas condicións producirán un fenómeno algo distinto do observado, sobre todo a partir dos anos oitenta, nos países europeos economicamente máis avanzados. Nestes, o aumento do desemprego de longa duración converteuse nun desafío tanto para a interpretación dos cientistas sociais como para os modelos de financiamento das políticas de protección social, construídas ao longo dunha sólida experiencia de réximes públicos de *welfare*. No noso país, que carece dunha experiencia histórica de protección, os desafíos serán, na nosa opinión, a intensificación das transicións

⁷ Para unha descrición máis polo miúdo desas novas tendencias do desemprego, véxase Guimarães *et al.* (2003), sobre todo os capítulos 3 (por Montagner) e 4 (por Guimarães, Hirata, Montagner e Watanabe).

no mercado de traballo e, sobre todo, o fenómeno da recorrencia do desemprego (Dedecca, 1999; Guimarães *et al.*, 2003)⁸.

A situación no mercado de traballo dos preto de 50.000 individuos investigados na rexión metropolitana de São Paulo (RMSP) foi observada inicialmente nunha serie temporal que abrangúa desde o mes de xaneiro do ano 1994 ata o mes de abril do ano 2001. A través dela evidéncianse xa algúns aspectos que resultan sorprendentes⁹.

Un primeiro aspecto destaca inmediatamente cando observamos os resultados dos sucesivos cortes transversais presentados na gráfica 1: as figuras polares –típicas do mundo do traballo, presidido pola relación salarial– son minoritarias. A conxunción entre asalariados regulares, con carteira asinada e cos dereitos que van asociados a iso (que alcanza como máximo o 25% dos casos), e individuos en desemprego manifesto (preto do 8% dos entrevistados en cada momento) deixa fóra como media ás tres cuartas partes dos entrevistados, sendo manifestamente insuficiente para describir a situación dos preto de 50.000 individuos cuxas posicións no mercado de traballo acompañamos ao longo de sete anos do post-real (ata o ano 2001). Actualmente, situacións ás que moitas veces se alude como “de fronteira”, por representar unha certa “zona [conceptualmente] gris” no mercado de traballo, son numericamente moito máis significativas. Na gráfica 1 pódese observar, por exemplo, aquela ampla categoría formada (ano tras ano) polos individuos que, non estando na situación de ocupados, engrosan as filas dos que transitan entre desemprego e inactividade; a súa existencia alcanza como media un 30% dos casos. É ese tipo de achado o que favorece o interese pola análise lonxitudinal das transicións ocupacionais. Cal é a novidade que este engade e cal a súa vantaxe interpretativa?


En efecto, para documentar de modo preciso o fenómeno da recorrencia no desemprego, que xa aparece suxerida na gráfica 1, cómpre outro tipo de análise que, tomando aos individuos como unidades de observación, faculte igualmente para acompañar ao longo do tempo os diferentes movementos individuais no mercado de traballo: unha análise do fluxo dos individuos no mercado en lugar dunha fotografía sobre a situación do número de casos a cada momento. Só así se poden iden-

⁸ En efecto, estudos promovidos polo Goberno do Estado de São Paulo –a través da súa Fundación Sistema Estadual de Análise de Dados (SEADE)– indicaron que cada 12 meses nada menos que tres cuartas partes dos individuos economicamente activos cambiaban de situación no mercado paulista de traballo (Guimarães *et al.*, 2003, cap. 4).

⁹ Para ese estudo lonxitudinal, un cuestionario domiciliario suplementario á PED-RMSP procurou atrasar os traxectos dos individuos en idade activa nas súas transicións entre situacións no mercado de traballo de São Paulo entre os meses de xaneiro do ano 1994 e abril do ano 2001. Coa intención de minimizar erros ou lapsos de memoria da persoa que respondía ao cuestionario, estableceuse un marco referencial de tempo para a reconstitución das traxectorias –o ano 1994–, asumindo como punto de orixe o momento no que o plan de estabilización monetaria (o “Plan Real”) alterou referentes importantes do cotián económico, sendo tratado como un marco factible para a organización da memoria da persoa que respondía ao cuestionario (o que se mostrou válido no pre-test). Como, pola metodoloxía PED, son considerados en idade activa os individuos con dez anos e máis, o cuestionario suplementario tivo que restrinxirse ás persoas que respondían que, no ano 2001, tiñan cando menos 16 anos, xa que se viu que só para eles habería unha historia ocupacional posible que chegara ata o ano 1994, marco inicial da fase de recollida cuantitativa.

tificar os percorridos típicos, que agregan subgrupos de persoas en torno ao patrón (aos patróns) de traxectoria ocupacional. Combinando análise factorial de correspondencia e análise de *clusters* foi posible, daquela, identificar patróns que reducesen a enorme cantidade de percorridos individuais singulares a un grupo menor de traxectorias ocupacionais agregadas. Esas traxectorias foron identificadas nun traballo anterior (Guimarães, 2003) tanto para aqueles que no ano 2001 estaban, no momento da recollida dos datos, en situación de desemprego como para os que estaban en situación de ocupación e de inactividade.

Gráfica 1.- São Paulo: situación ocupacional do entrevistado entre os meses de xaneiro de 1994 e abril de 2001



FONTES: SEP. Convênio SEADE-DIEESE. Pesquisa de Emprego e Desemprego (PED). Questionário Suplementar SEADE/CEM *Mobilidade ocupacional*.

E cal é o achado máis sorprendente da observación feita sobre a rexión metropolitana de São Paulo? Un intenso tránsito entre actividade e inactividade –e non só entre desemprego e ocupación– é a característica máis importante polo que respecta ás transicións entre situacións ocupacionais dos individuos cuxas traxectorias foron analizadas a partir da observación dos seus movementos no mercado de traballo durante o período comprendido entre os anos 1994 e 2001 (Guimarães, 2003). Os cadros 1, 2 e 3 presentan as clases de traxectorias ocupacionais identificadas, respectivamente, para os que estaban ocupados, desempregados e inactivos no ano 2001¹⁰. Analicemos agora un por un.

¹⁰ Por se tratar dun cuestionario suplementario a unha investigación (la PED) de tipo transversal, non era posible recoller a información sobre o percorrido ocupacional investigado sobre todos os eventos, na forma dun cuestionario-calendario, que fose non só lonxitudinal senón tamén exhaustivo. Así, foron recollidas informacións sobre tres eventos ocupacionais entre os anos 1994 e 2001: o máis recente, o que antecede e aquel que era cualificado polo que respondía a enquisa como o máis importante para describir a súa situación no período. O intersticio entre os dous primeiros era igualmente característico. Con base nesas informacións, un calendario de situacións ocupacionais foi montado para cada individuo. A partir dese calendario realizáronse os procedementos estatísticos para identificar traxectorias agregadas descritas na primeira parte do texto.

En abril do ano 2001 pouco máis da metade dos casos (o 53% deles, concluíndo 28.189 individuos) clasificouse, no momento da entrevista, como constituída por persoas “ocupadas”. A análise dos seus percorridos permitiu identificar 7 *clusters* que tiñan en común participar dun mesmo patrón de traxectoria ou, para dicilo en bo portugués, “7 *classes de trajetórias típicas*”, que son as que se presentan no cadro 1.

Cadro 1.- Ocupados: traxectorias agregadas (1994-2001)

		FRECUENCIA ABSOLUTA	PORCENTAXE (da mostra total)
CLASES DE TRAXECTORIAS	1. Asalariados con carteira	8.439	15,9
	2. Empregadores	619	1,2
	3. Desempregados ou inactivos	1.725	3,2
	4. Transicións intensas, percorrido descoñecido	6.694	12,6
	5. Autónomos	2.730	5,1
	6. Domésticos	1.264	2,4
	7. Asalariados sen carteira	6.718	12,6
	Subtotal dos ocupados	28.189	53,0
	Outras situacións no ano 2001 (desempregados ou inactivos)	24.981	47,0
	Total de casos	53.170	100,0

FONTES: SEP. Convênio SEADE-DIEESE. Pesquisa de Emprego e Desemprego (PED). Questionário Suplementar SEADE/CEM *Mobilidade ocupacional*.

Hai unha elevada porcentaxe de casos sobre os cales, dada a intensidade das transicións, o percorrido resulta imposible de clasificar. É dicir, non hai un patrón identificable e o tipo de traxectoria é “descoñecido” (30%). Mentres, se comparamos os datos dos cadros 2 e 3 cos do cadro 1 chama a atención que esa porcentaxe (evidencia da maior inestabilidade das traxectorias) é especialmente máis reducida entre os “ocupados” ca entre os “inactivos” (onde alcanza o 50% dos casos) ou entre os “desempregados” (onde chega ao 69% dos casos).

Isto permite, por un lado, intuír que o risco da recorrencia entre situacións no mercado de traballo está distribuído moi desigualmente¹¹, pero tamén se pode intuír que ese risco parece estar fortemente formado polo propio percorrido, de modo que a inclusión no mundo dos ocupados dota aos individuos de redes de relacións, as cales, a pesar de que non lles aseguran “bos empregos” (só un 30% deles forman o núcleo duro que reúne asalariados con carteira e empregadores), parecen ser capaces de reducir a recorrencia das transicións, facéndose menos frecuentes (1 de cada 3 casos entre os ocupados fronte a 3 de cada 4 casos se se trata de desempregados).

Vexamos cada unha das traxectorias típicas dos ocupados. Os dous primeiros *clusters* resultantes da análise estatística configuran a polaridade clásica da relación salarial: por un lado, os asalariados formalmente rexistrados e, por outro, os empregadores (clases 1 e 2), núcleo duro nun mercado capitalista de traballo. O seu

¹¹ Detalles nesa liña de argumentación poden atoparse en Guimarães, Silva e Farbelow (2004).

peso reúne só a 1/3 dos ocupados. Para completarmos a descrición dos 2/3 restantes, temos que pasar ao mundo no cal son intensas as transicións ocupacionais, ao mundo da recorrencia no desemprego e/ou na inactividade e da privación de dereitos. Ese mundo está representado polos seguintes *clusters* que xorden na análise estatística.

De feito, estes configuran catro clases distintas de percorrido (numeradas no cadro 1 como 3 a 6), nas que se recollen as situacións de ocupación chamadas “atípicas” de cara á relación polar clásica: son os que, aínda que ocupados en abril do ano 2001, teñen unha traxectoria anterior construída á marxe da ocupación, entre o desemprego e a inactividade (3); son aqueles que teñen unha transición tan intensa que non é posible identificar un patrón de traxecto (4); son os autónomos (5); e son os traballadores no servizo doméstico (6). Finalmente, unha última clase de percorrido é a constituída por aqueles que, a pesar de ter pasado unha parte significativa da traxectoria anterior en relacións asalariadas de traballo, carecían dos principais dereitos que se lles asocian ao non ter un contrato formal de traballo (clase 7).

Polo seu significado numérico destacan dous grupos: o daqueles que fixeron traxectorias fundamentalmente no asalariamento desprotexido e os que, por transitaren tan intensamente, non teñen un patrón de traxectoria identificable. Estes dous *clusters* xuntos reúnen nada menos que ao 48% dos individuos que no ano 2001 estaban na situación de ocupados.

E que sucede cando se observan as traxectorias típicas dos que a investigación atopou no ano 2001 na condición de desempregados?

Cadro 2.- Desempregados: traxectorias agregadas (1994-2001)

		FRECUENCIA ABSOLUTA	PORCENTAXE
CLASES DE TRAXECTORIAS	1. Transicións intensas, percorrido descoñecido	4.549	8,6
	2. Desempregado	627	1,2
	3. Desempregado ou inactivo	1.451	2,7
	Subtotal dos desempregados	6.627	12,5
	Outras situacións no ano 2001 (ocupados ou inactivos)	46.543	87,5
	Total de casos	53.170	100,0

FONTES: SEP. Convênio SEADE–DIEESE. Pesquisa de Emprego e Desemprego (PED). Questionário Suplementar SEADE/CEM *Mobilidade ocupacional*.

Tal e como anticipamos, é xustamente entre os desempregados onde a intensidade das transicións ocupacionais se fai máis forte: para un 2/3 dos casos (nada menos que 4.549, ou o 69% deles) non se identifica ningún patrón de traxecto e o percorrido non pode ser descrito dada a pequena parte do tempo cuberto pola suma dos tres momentos que foron recollidos. Iso fai que 4 de cada 7 desempregados teñan, por ter transitado tan intensamente entre situacións no mercado de traballo entre os anos 1994 e 2001, traxectorias sobre as cales todo o que se pode dicir é que non hai un patrón regular que se consiga inferir e que contemple os sete anos ob-

servados. Visto coma un conxunto, trátase dun grupo lixeiramente máis masculino, máis equilibrado no que concirne á participación por sexo e cor; polo que respecta á idade, presenta un formato bimodal: un subgrupo máis novo (un 30% dos casos está entre os 18 e os 24 anos) e outro maior (un 49% deles está entre os 30 e os 49 anos); por iso mesmo predominan xefes e fillos. A escolaridade é baixa e o desemprego manifesto é a forma predominante no momento da entrevista (63%).

Será posible darlle algún sentido substantivo a eses achados? Podemos asegurar que si. En primeiro lugar, estes achados parecen suxerir, como xa anticipamos anteriormente, que a intensidade das transicións entre situacións no mercado de traballo é a norma no percorrido dos desempregados –isto tipifica o “desemprego recorrente”–. En segundo lugar, incluso alí onde se identifica un patrón de traxecto a partir dos tres momentos recollidos, a situación fronteiriza que se sitúa entre o desemprego e a inactividade tamén é a que predomina. Esta constitúese na segunda clase de traxectoria pola súa significación numérica (preto do 22% dos casos). Está formada por un grupo fundamentalmente feminino (un 73% dos casos), constituído na súa maioría por cónxuxes (un 52%) e marcado polo predominio non só das mulleres senón das mulleres brancas. A súa escolaridade é aínda máis baixa cá do grupo anterior (inclúe máis analfabetos, e o grupo –nun 50% dos casos– inclúe tamén persoas con escolaridade inferior aos estudos básicos). Ten no “desemprego encuberto polo desalento” a forma de desocupación máis importante.

Agora ben, se a saída do mercado de traballo, como recorrencia típica en transicións ocupacionais, parece ser moito máis común do esperado tanto entre os ocupados coma entre os desempregados, ¿que podemos dicir do patrón de transición ocupacional daqueles que xa estaban na condición de inactivos na RMSP do ano 2001?

No cadro 3 pódese verificar que, a pesar de que existe o que se podería chamar un núcleo duro da inactividade –no que están localizados aqueles traballadores de maior idade, fundamentalmente brancos, que se retirarán do mercado de traballo xeralmente xubilándose–, esa non é a situación maioritaria; pola contra, nela só se inclúe un 8% dos casos. De novo, a maioría dos que pasan pola inactividade está formada por aqueles traballadores que mostran tan íntensas transicións entre tan diferentes situacións nas súas traxectorias que nin sequera podemos reconstruír o seu percorrido. Obsérvase que aqueles cuxo percorrido ten un patrón “descoñecido” forman o *cluster* máis importante, con case un 50% dos casos (clase 1 no cadro 3). Tras este, formando o segundo *cluster* en importancia numérica, están os representados pola clase 4: aqueles que transitan entre ocupación precaria e inactividade ou entre desemprego e inactividade.

Cal sería, daquela, o achado analiticamente máis sorprendente dese conxunto de resultados? Arriscámonos a suxerir que, no caso da maior metrópole brasileira, o mercado de traballo non diferencia, cando menos coa claridade que sería analiticamente esperada, as fronteiras que separan a “actividade económica” (para o que

“ocupación” e “desemprego” son as situacións alternativas típicas da “inactividade económica”. Dito doutro modo, a inactividade deixou de ser, cando menos entre nós, un fenómeno de “man única”, que ten lugar nos extremos da traxectoria ocupacional en momentos precisos do ciclo de vida do traballador, a saber: nun momento inicial de entrada no mercado de traballo (cando os novos pasan da condición de inactivos á de activos) e no momento final de saída do mercado de traballo (cando xa cunha certa idade pasan da condición de activos á de inactivos). Isto equivale a dicir que o movemento de entrada e saída da actividade económica (da forza de traballo que se ofrece no mercado) pode ser tan regular como o movemento entre ocupación e desemprego. En consecuencia, as transicións ocorren de modo igualmente probable entre as tres posibles situacións individuais *vis a vis* do mercado de traballo (ocupación, desemprego e actividade) e non só entre aquelas dúas que son as típicas da operación habitual do mercado capitalista de traballo (ocupación e desemprego).

Cadro 3.- Inactivos: traxectorias agregadas (1994-2001)

		FRECUENCIA ABSOLUTA	PORCENTAXE
CLASES DE TRAXECTORIAS	1. Transicións intensas, percorrido descoñecido	9.287	17,5
	2. Xubilados (asalariados con carteira ou funcionarios públicos)	1.549	2,9
	3. Transitando entre inactividade e traballo autónomo	524	1,0
	4. Transitando entre desemprego e inactividade	6.994	13,2
	Subtotal dos inactivos	18.354	34,6
	Outras situacións no ano 2001 (ocupados ou desempregados)	34.816	65,4
	Total de casos	53.170	100,0

FONTES: SEP. Convénio SEADE-DIEESE. Pesquisa de Emprego e Desemprego-PED. Questionário Suplementar SEADE/CEM *Mobilidade ocupacional*.

Será isto diferente cando se compara São Paulo con outras metrópoles que teñen outros réximes de institucionalización do emprego e do desemprego? Noutras ocasións (Guimarães, 2004, 2004a) presentamos evidencias nesa dirección, que retomamos agora brevemente.

Tal e como xa dixemos anteriormente, outros dos estudos empíricos, baseados igualmente en metodoloxías de tipo lonxitudinal, foron levados a cabo en París e en Tokío, tratando transicións e traxectorias en momentos de expansión significativa do risco do desemprego. Neles, cuestionarios aplicados aos demandantes de emprego nas axencias de emprego permitiron identificar tamén patróns de traxectorias agregadas, inferidos a partir das múltiples transicións que os individuos viviran na súa experiencia no mercado de traballo nun período anterior. Por ser estudos empíricos que tiñan como centros de observación as axencias de emprego e non os domicilios, os seus resultados só son comparables cos que antes presentamos para São Paulo con respecto aos desempregados.

A pregunta que focaliza a comparación no punto preciso que nos interesa podería ser formulada así: considerando os percorridos dos desempregados nas tres metrópolis e tendo en conta que a inestabilidade ocupacional (e as transicións ocupacionais) son crecentes nun contexto de flexibilización no uso do traballo (que afecta a todas elas), ¿como describir a especificidade dun contexto de desemprego de tipo recorrente, como o brasileiro, *vis a vis* nun contexto de desemprego de longa duración, como os outros dous, no que se refire aos tipos de traxectorias que nel se producen? ¿Non existirían diferenzas e Brasil sería unha sorte de previsión perversa do futuro que espera que nos países existan réximes relativamente sólidos de protección social –públicos (coma no caso de Francia) ou privados (coma no caso do Xapón)–? ¿Deberíamos apoiar hipóteses como a dunha “*brasilización*” das sociedades occidentais como consecuencia da transformación desas sociedades en sociedades de risco (Beck, 2000)?¹²


No caso de París-Île de France é certo que o desemprego se converteu nun fenómeno que desde os anos oitenta afecta duramente ao seu mercado de traballo [Demazière (1995, 1995a, 1997); Demazière e Dubar (1987); Freyssinet (1984, 1997); Friot e Rose (1996); Gautié (2003); Maruani (2002); Maruani e Reynaud (1993); Supiot (1999), entre outros]. Mentres, a diferenza de São Paulo, a análise dos percorridos destaca situacións típicas dun mercado capitalista organizado onde predomina a norma salarial. De considerarmos os dous estratos formados polos que estiveran en desemprego manifesto e polos que estiveran ocupados baixo unha relación salarial típica (o contrato de duración indeterminada ou CDI), podemos ver en calquera momento deses 35 meses analizados que eses estratos constitúen sempre a maior parte dos casos. É o que mostra a gráfica 2 que, xunto ás categorías dos entrevistados, inclúe cada mes considerado na investigación da súa situación ocupacional. Lembremos aquí que, no caso de São Paulo, unha conxunción equivalente deixaba fóra nada menos que ás 3/4 partes dos entrevistados.

A diferenza faise aínda máis evidente cando nos preguntamos polas traxectorias agregadas que resumen as transicións que teñen lugar nos percorridos ocupacionais dos parisiños (cadro 4). O desemprego de longa duración é a situación previa característica do *clúster* numericamente máis importante entre os que están buscando traballo. Pero entre os actuais desempregados tamén se atopan aqueles que veñen dun percorrido previo por ocupacións; con todo, estes foran fundamentalmente empregados regulares directamente contratados (por un tempo indeterminado, por un tempo determinado, ou transitando entre unha e outra forma de contrato). A metade da mostra pode ter descrito o seu patrón de traxectoria só a partir daquelas dúas situacións historicamente típicas da condición de ocupado nun mercado capitalista de traballo: o desemprego protexido e o asalariamento regular de longa dura-

¹² Noutro momento argumentaremos máis polo miúdo (no que se refire ao uso da información empírica de corte comparativo sobre São Paulo e París) para confrontar este tipo de hipóteses, dados os seus resultados analiticamente equivocados, a pesar da boa intención política (Guimarães, 2004).

ción. E se incluimos o asalariamento por tempo determinado ou CDD (novidade no cadro da norma salarial dos “30 gloriosos”) teremos nada menos cás 3/4 partes da mostra. E, posto que as transicións son máis intensas alí onde as traxectorias agregadas remiten ás modalidades antes citadas como “atípicas” de emprego (subcontratados ou sobre outros tipos de emprego), sempre é posible (a diferenza de São Paulo) identificar un patrón de traxectoria dominante no percorrido. Finalmente, o paso á inactividade non afecta máis ca a un 5% dos casos na rexión de París-Île de France¹³.

Gráfica 2.- París-Île de France: situación ocupacional dos entrevistados (1995-1998)



1: Lecer. 2: CDI ou actividade independente. 3: Outros tipos de empregos. 4: Servizo nacional. 5: Coexistencia de varios empregos. 6: Formación. 7: Contrato de axuda. 8: Estudos. 9: Coexistencia emprego/lecer. 10: Contrato de duración determinada. 11: Interinidade ou intermitencia do espectáculo. 12: Inactividade. 13: Coexistencia formación/lecer.

FONTES: Ministère de l'Emploi et de la Solidarité, DARES, Painel TDE *Trajectoires des demandeurs d'emploi*. Elaboración propia.

E que dicir do caso xaponés? A diferenza do estudo feito na rexión metropolitana de París, onde un panel prospectivo acompañou a unha lexión de desempregados inscritos na Axencia Nacional para o Emprego (ANPE) e que permitiu recuperar de maneira exhaustiva a súa historia ocupacional no período estudado, no caso da rexión de Tokío trátase dunha enquisa por cuestionario feita cunha única recollida de datos de tipo retrospectivo que permitiu analizar unha mostra de deman-

¹³ Para un maior detalle no estudo dos patróns de transición ocupacional no caso francés, aínda analizando esta mesma base de datos, véxase, ademais dos traballos xa citados de Guimarães (2004, 2004a), os textos de Pignony e Poujouly (1999); de Pignony, Poujouly e Viney (1998); ou de Canceill, Huyghues e Despointes (1999, 2003).

dantes de emprego en axencias do sistema público de emprego xaponés¹⁴. Dadas as limitacións da recollida de datos e dada a importancia (a pesar da crise) do sistema de emprego chamado “vitalicio”, os investigadores decidiron pescudar só un único feito ocupacional anterior para aqueles que estivesen buscando traballo e que tiveran a condición de desempregados; isto é, só se investigou un feito ocupacional, asegurándose de que este describiría ben unha longa historia de traxectos polo mercado de traballo que podería remontarse a principios dos anos noventa, completando once anos en total. E, de feito, é significativa a importancia dese único e duradeiro emprego asalariado regular, situación máis recorrente na historia anterior dos actuais demandantes en axencias na rexión metropolitana de Tokío. Isto é o que se mostra na gráfica 3, na cal a situación ocupacional dos entrevistados é presentada mes a mes no período comprendido entre o mes de xaneiro do ano 1994 e o mes de xullo do ano 2001.

Cadro 4.- Traxectorias agregadas dos desempregados na rexión metropolitana de París-Île de France

CLASES DE TRAXECTORIAS	FRECUENCIA ABSOLUTA	PORCENTAXE SIMPLE	PORCENTAXE ACUMULADA
1-Desemprego	499	30,7	30,7
8-Empregado regular con contrato de duración indeterminada (CDI)	265	16,3	47,0
3-Empregado regular transitando entre CDI e CDD (contratos de duración determinada)	248	15,3	62,3
6-Empregado regular con contrato CDD	178	11,0	73,3
5-Subcontratado	114	7,0	80,3
2-Desempregado en programa de prácticas	100	6,2	86,5
7-Beneficiario de contrato de protección social	88	5,4	91,9
9-Inactivo	85	5,2	97,1
4-Noutros tipos de emprego	47	2,9	100,0
Total	1.624	100,0	


FONTES: Ministère de l'Emploi et de la Solidarité, DARES, Paineil TDE *Trajectoires des demandeurs d'emploi*. Elaboración propia.

Polo que se refire ao desemprego, créase unha situación absolutamente minoritaria con independencia do mes que estudemos (a excepción, naturalmente, do momento da recollida dos datos), destacándose a importancia do emprego asalariado de tipo permanente como o que agrupa a maior cantidade de casos. Podemos di-

¹⁴ Por certo, esas diferenzas non son casuais. No caso francés era posible concibir un panel e un cuestionario de tipo calendario dada a importancia do sistema público de intermediación, recualificación e asistencia, erixido pola ANPE; sistema importante pola súa cobertura e pola súa eficacia en termos dos beneficios (que atraen máis do 80% dos desempregados alí rexistrados) e, sobre todo, para o tema da investigación polas súas formas de acompañamento e de avaliación dos “bos desempregados” (referíndonos a aqueles que cumpren as “boas” regras da busca activa de traballo). Esas razóns farán viable en Francia, sen dúbida, o deseño lonxitudinal de tipo exhaustivo cunha mesma lección de demandantes. No caso xaponés, a cobertura do sistema público é algo que aínda está en construción, razón pola cal o retorno do demandante é menos regular como (e isto é especialmente importante) se mostrou imposible pola resistencia do entrevistado (culturalmente explicable) a fixar unha data de contacto persoal de seguimento que posibilitara a montaxe dun panel prospectivo na súa residencia ou por teléfono.

cir que só un emprego pode explicar unha parte ponderable dos percorridos ocupacionais dos actuais demandantes durante once anos da súa biografía ocupacional. Á súa vez, o desemprego, ademais de durar relativamente pouco (comparándoo co patrón francés do desemprego de longa duración, por exemplo), tampouco pode ser caracterizado pola súa recorrencia, coma no caso brasileiro. Na rexión de Tokío, se hai recorrencia, esta parece ser a recorrencia do emprego, duradeiro e protexido polo chamado “sistema de emprego vitalicio”¹⁵. Pero a presenza (tamén destacada) dunha parte dos individuos cuxos percorridos son descoñecidos, evidencia a intensidade da fractura da norma ocupacional no chamado “sistema de emprego vitalicio”, que se manifesta a principios da primeira década do século XXI.

Gráfica 3.- Tokío: situación ocupacional dos desempregados (xaneiro de 1994-xullo de 2001)



1: Descoñecido. 2: Asalariado subcontratado. 3: Autónomos. 4: Outros. 5: Asalariado permanente. 6: Inactivos. 7: Asalariado en tempo parcial. 8: Desempregados. 9: Asalariado irregular.

FONTES: Projeto *Chômage: approches institutionnel et biographique. Une comparaison Brésil, France, Japon*. Estudo empírico de agosto do ano 2001 en axencias do sistema PESO, rexión metropolitana de Tokío. Elaboración propia.

No caso de Tokío, cando se analizan patróns de traxectorias agregadas aínda queda máis patente como a parte máis importante dese mercado de traballo se organiza arredor de situacións típicas do sistema de emprego vitalicio: nada menos ca un 50% dos individuos que actualmente demandan traballo nas axencias do sistema

¹⁵ Pero a presenza (tamén destacada) dunha parte dos individuos cuxos percorridos son ignorados parece suxerir que se debería aprofundar no estudo das formas de transición entre ocupacións tamén no Xapón, e que parece estar incluída nese inesperado achado, cando menos para os nosos colegas investigadores que adaptaron o estudo empírico ao caso xaponés.

“*Hello Work*” tiñan antes do desemprego unha traxectoria de vínculo permanente cun único emprego regular. Ao contrario ca estes, preto dun 1/3 (un 38%) tiñan un percorrido que, por falta de información na recollida dos datos, non pode ser descrito. Cómpre indicar, como xa se dixo con anterioridade, que se trata dunha situación de recorrencia entre empregos que, nun primeiro momento, era extraordinaria pero que agora vai en aumento debido á disolución dalgúns dos piares da antiga forma de institucionalización do sistema de emprego no Xapón. Agás estes, todos os demais tipos de traxectoria son extremadamente minoritarios polo número de casos que os completan (un 2,6% procedían dun desemprego duradeiro; un 4,7% do traballo a tempo parcial, sendo maioritariamente mulleres; e un 3,6% doutras situacións).

As realidades das tres metrópoles, vistas nesta perspectiva comparada, parecen suxerir que, aínda que se intensifique a inestabilidade nos percorridos ocupacionais, non sería posible referir un movemento de “*brasilización*” dos mercados antes protexidos. No caso francés, no que existe un puxante sistema público, a figura que máis se axusta é a do desemprego de longa duración; e se hai transicións estas fanse entre os que se moven nas formas atípicas de traballo xa citadas, pero tampouco poñen en risco a caracterización de patróns nesas traxectorias nin as fronteiras do mercado de traballo (por un camiño recorrente á inactividade). No caso xaponés, as transicións tamén se deron no interior do mercado de traballo; e, nun contexto de desemprego relativamente reducido (aínda que en aumento), é probable que estas teñan un lugar preponderante entre situacións ocupacionais típicas e atípicas, as cales merecen un maior estudo. No caso brasileiro, os paulistas non dispoñen dunha estrutura institucional que lles permita manterse durante un longo período e de forma duradeira no desemprego, nin viven unha norma salarial que xeneralizara o vínculo formal e duradeiro como experiencia; sendo así, a norma parece ser a enorme recorrencia das transicións. Se en momentos anteriores (ata os anos oitenta) esas transicións se verificaban sobre todo no interior do mercado de traballo (entre ocupación e desemprego), actualmente o seu patrón desafía as fronteiras dese mesmo mercado, facendo banal o movemento de saída e entrada da actividade económica, *pari passu* coa intensificación das transicións entre situacións no interior do mercado, consecuencia da maior flexibilización das relacións de traballo. Fronte á recorrencia (xaponesa) dos empregos, se cadra é posible afirmar a recorrencia (brasileira) do desemprego, irredutible na súa forma e nas súas implicacións co desemprego de longa duración que tanto desafía a arquitectura dos réximes de protección dun estado do benestar coma o francés.


Ante esta diversidade nos patróns de percorrido nos mercados de traballo, reflexo de construcións institucionais que deron lugar a distintas modalidades dos sistemas de emprego e dos réximes de *welfare*, ¿como representan os individuos as situacións en que compiten?, ¿hai variacións significativas nos seus patróns de busca de traballo e nas representacións sobre as dificultades de saída do desemprego? A isto dedicáremoslle a parte final deste texto.

3. CONTEXTOS SOCIETARIOS, REPRESENTACIÓNS SOBRE A PROCURA DE TRABALLO E RECURSOS PARA A SAÍDA DO DESEMPREGO: COMPARACIÓN ENTRE SÃO PAULO, PARÍS E TOKÍO

Argumentando de modo máis concluínte podemos dicir que, ao variar as configuracións dos mercados e as percepcións sobre o traballo, varían non só as traxectorias dos individuos senón as súas representacións sobre a busca de traballo e os patróns de mobilización de recursos para obter unha ocupación (fundamentalmente mecanismos institucionalizados nos sistemas de emprego e/ou nas redes sociais). E, de novo, na comparación dos resultados obtidos nos *surveys* realizados nas tres metrópolis, obtemos patróns diferentes. Organizaremos estes patróns arredor de dous temas: mecanismos utilizados para a busca de traballo e dificultades percibidas na busca de traballo.

A investigación sobre os mecanismos utilizados para a busca é un aspecto especialmente sensible e dependente da forma en que, por un lado, se institucionaliza o sistema de emprego e, por outro, da forma en que se constrúe normativamente a figura do desempregado. Vexamos: en sistemas de emprego nos que o patrón de duración dos vínculos é máis estable (coma no Xapón), ou nos que a regulación normativa do desemprego o fai máis protexido (coma en Francia), o significado da desocupación, por un lado, e as condicións en que se dá a busca de traballo, por outro, inducen a que se valoren mecanismos distintos para obter unha ocupación daqueles que se verifican no Brasil, onde a recorrencia das transicións se alía á feble institucionalización do desemprego. Dito de modo directo: veremos enseguida como os recursos mobilizados na busca non son equivalentes nas tres metrópolis, senón que dependen do contexto en que se busca e este, á súa vez, está determinado pola configuración do sistema de emprego e das formas de recoñecemento institucional do desemprego.

Gráfica 4.- Mecanismos de procura de traballo en São Paulo e en Tokío



FONTE: Investigación directa. Rexións metropolitanas de São Paulo e de Tokío no ano 2001. Resposta múltiple.

Sorprende a diversidade de recursos que son mobilizados na busca de traballo. Mentres que en São Paulo os mecanismos que máis destacan son as redes sociais, especialmente a través dos fortes elos do grupo familiar e dos amigos máis achegados (Granovetter, 1973), e o esforzo individual da prospección directa ás empresas, en Tokío son os recursos dispoñibles no espazo público aqueles que máis se utilizan (consulta a xornais e revistas, e recurso ao sistema público de emprego).


Na rexión de París-Île de France, ao igual ca na metrópole paulista, indagar individualmente os camiños abertos no mercado é o medio máis destacado. Con todo, e a diferenza desta, a busca directa xunto a firmas faise antes co soporte do sistema público de apoio ao desempregado (ANPE)¹⁶ que co apoio das redes sociais, cuxa significación é moito menor no caso francés ca no caso brasileiro. Obsérvese que son igualmente mobilizados elos sociais máis fortes e máis febles, de novo a diferenza do Brasil, onde primaba o recurso aos familiares e aos amigos máis achegados.

No caso das rexións metropolitanas de São Paulo e de Tokío avanzamos un pouco máis e investigamos cal é a percepción que tiñan os individuos sobre o mecanismo de busca que lles permitiu atopar traballo. Eficaces, para os entrevistados en Brasil, foron de novo as redes persoais e a prospección individual no mercado, a través do contacto coas empresas. Isto é válido tanto para os que só utilizaron mecanismos privados de busca como para os que combinaron mecanismos públicos e privados. As axencias privadas de emprego (que foron citadas por moitos como un dos recursos frecuentemente mobilizados para buscar traballo) foron consideradas como ineficaces para obtelo. No Xapón, as redes sociais (pouco relevantes entre os mecanismos máis utilizados para buscar) xorden como recursos eficaces para obter traballo, aínda que os máis importantes sexan de novo os mecanismos públicos (xornais e revistas, axencias do sistema público PESO e escola); a prospección directa, a diferenza de Brasil, é considerada pouco frutífera.

E que dicir das percepcións con respecto ás dificultades para obter traballo? Agora ben, nunha metrópole como São Paulo na cal a curta duración dos vínculos previos é a norma e a recorrencia é intensa, a percepción será certamente distinta dunha á outra xa que é a longa duración dos vínculos previos o que caracteriza a biografía ocupacional do demandante de traballo¹⁷. Os aspectos relativos ás condicións da concorrencia no mercado –aqueles que resultan da escaseza de oportunidades ou aqueles relativos ao desaxuste entre o perfil que desexa o empregador e as características do desempregado– son os máis destacados no caso de São Paulo.

¹⁶ Estratexia do “bo desempregado”, que debe mostrarlle á ANPE que non se esquece de investigar o mercado.

¹⁷ Na rexión metropolitana de São Paulo, 6 de cada 10 entrevistados estiveran menos de 1 ano no emprego anterior e 3 de cada 10 non estiveron nin 3 meses. En Tokío ocorre o contrario: 6 de cada 10 desempregados tiveron un vínculo anterior que durou 3 ou máis anos, en 4 de cada 10 entrevistados esa duración chegou incluso a superar unha década, e só 1 de cada 10 estivo ocupado por un período inferior a 1 ano.

Gráfica 5.- Mecanismos de procura de traballo em París

FONTE: Investigación directa – Painel TDE, 1995-1998.

Cadro 5.- Tokió: mecanismos eficaces para obter traballo

RECURSO EFICAZ	%
Xornais, revistas	25,6
Contacto directo coas empresas	7,2
Familiares e amigos	16,9
Colegas de traballo	6,8
Axencias privadas de emprego	1,8
Exames para servizo civil	0,6
Escola	13,4
Centros de prácticas	0,5
Axencia pública de emprego	15,7
Outros	3,3
Ningún	8,2
Total	100,0

FONTE: Investigación directa, 2001.

Cadro 6.- São Paulo: mecanismos eficaces para obter traballo


TIPO DE RECURSO USADO	RECURSO EFICAZ	%
Só utilizaron mecanismos privados de busca	Total	75,2
	Anuncio en xornais	2,0
	Axencia privada	3,3
	Parente, amigo, coñecido	36,0
	Directamente na empresa	25,0
	Outro (2)	8,9
Utilizaron mecanismos públicos e privados de busca	Total	20,1
	Parente, amigo, coñecido	8,0
	Directamente na empresa	6,4
	Outros mecanismos privados (3)	2,4
	Mecanismos públicos (1)	(5)
Só utilizaron mecanismos públicos de busca (1)		(5)
Non utilizaron ningún mecanismo de busca		
Total		

(1) Inclúe postos de atención ligados ao Goberno estatal (SERT, PAT, Sine, Poupatempo), ás prefecturas municipais e ás centrais sindicais; (2) Inclúe internet, abrir negocio propio, aqueles que foron invitados para o traballo, aprobados en concurso, etc.; (3) Inclúe internet, abrir negocio propio, anuncio en xornais e axencia privada; (4) Inclúe aos que foron invitados para o traballo, foi aprobado en concurso, traballador familiar, etc.; (5): A mostra non presenta desagregación para esta categoría.

FONTE: Investigación directa, 2001.


E no caso da rexión metropolitana de Tokío? Aquí os atrancos para a obtención de emprego son algo distintos: idade inadecuada á requirida polas empresas (55,9) e condicións de traballo inaceptables para os demandantes de traballo (29,7) son os máis importantes; a continuación sitúanse a ausencia de vacantes (17,2) e unha cualificación e experiencia inadecuadas (17,7); e, por último, nunha terceira orde de factores sitúase unha escolaridade inadecuada (13,7%) e a falta de traballo na rexión de busca (10,6%).

Gráfica 6.- São Paulo: principais dificultades na procura de traballo



FONTE: Investigación directa, 2001.

Gráfica 7.- Tokío: principais dificultades na procura de traballo



FONTE: Investigación directa, 2001.


Ordenando a información doutra maneira prodúcese unha variación na percepción das dificultades. Para velo mellor agrupamos os citados factores en tres ordes principais segundo a súa relación coa operación do mercado: aqueles que reflicten dificultades na oferta de oportunidades de traballo; aqueles que reflicten unha inadecuación no perfil profesional do traballador (cualificación e experiencia); e aqueles que reflicten o peso doutras características, atributos do traballador que o (des)cualifican para a disputa no mercado (idade, sexo, saúde física, etc.). Son as oportunidades, as cualificacións ou outros atributos as barreiras dominantes no acceso ao traballo?

Deste modo, vemos que, no caso da rexión metropolitana de São Paulo, a vulnerabilidade individual en relación coas condicións de disputa no mercado é moito máis evidente e xeneralizada. O problema da inadecuación do perfil profesional é percibido desde hai tempo polos paulistas como o máis grave (53%); séguelle a escaseza de oportunidades (23%) e non sen razón, pois a investigación levouse a cabo nun momento de crise aguda de desemprego. Pero isto tamén se verificaba no Xapón e, con todo, esa percepción é máis ben baixa (16%).


En Tokío, en relación coa inadecuación do perfil profesional de cualificación e experiencia (39%), destácase a barreira proveniente doutros atributos, neste caso é a idade inadecuada a que descualifica ao traballador para o posto de traballo.

No caso de São Paulo, 7 de cada 10 traballadores perciben que é a adversidade do mercado, referida tanto á competición polas escasas vacantes como á dificultade para acceder a aquelas prazas dispoñibles dada a inadecuación do perfil de cualificación e experiencia. E, se pesan outras características, cómpre dicir que o seu peso é moito menor ca no caso xaponés, onde case 4 de cada 10 traballadores se resenten da clase de atributos que valora o empregador e senten sobre todo a barreira da idade elevada.

Gráfica 8 .- São Paulo: oportunidades, cualificacións ou atributos?




FONTE: Investigación directa, 2001.


Gráfica 9.- Tokió: oportunidades, cualificacións ou atributos?

FONTE: Investigación directa, 2001.

Así, vemos que os contextos onde se busca traballo marcan de modo importante tanto os recursos mobilizados para localizar oportunidades como as dificultades que xorden nesa busca. Non sen razón, e con isto concluimos, as situacións dominantes durante o tempo que se está desempleado poden variar moito entre as metrópoles, como sinalan as gráficas finais que presentamos para París e para São Paulo. No primeiro caso, a busca de traballo pode ter lugar nunha situación de desemprego manifesto que é a característica en 9 de cada 10 demandantes franceses de emprego. Permanecer durante un maior tempo e en maior número nunha situación onde só a busca de traballo ten lugar –e onde é minoritaria a presenza de traballo, incluso do ocasional– só é posible cando un sistema de institucionalización do desemprego desvía ao traballador á esfera do soporte público. Son desempregados –autorrecoñecidos e recoñecidos tamén institucionalmente– e por iso mantidos polo sistema público de emprego.

Gráfica 10.- París: o desemprego fortemente institucionalizado

FONTE: Painel TDE, 1995-1998.

Gráfica 11.- São Paulo: o desemprego feblemente institucionalizado

FONTE: Investigación directa, 2001.

BIBLIOGRAFÍA

- BECK, U (2000): *The Brave New World of Work*. Cambridge: Polity Press.
- BIDERMAN, C.; GUIMARÃES, N.A. (2002): “Na ante-sala da discriminación: o prezo dos atributos de sexo e cor no Brasil (1989-1999)”, *II Conferencia Internacional Cebrap-Ilas*. (Versión revista da Comunicación presentada á sesión sobre “Flexibilidade, Segmentación e Equidade”). São Paulo: Centro Brasileiro de Análise e Planejamento (CEBRAP)/Columbia University, Institute for Latin American Studies (ILAS).
- CANCEILL, G.; HUYGHUES DESPOINTES, H. (1999): “L’Inscription à l’ANPE et après: itinéraires de chômeurs”, en: *DARES: Premières informations et premières synthèses*, núm. 37, 1, (setembro). París: Ministère de l’Emploi et de la Solidarité.
- CANCEILL, G.; HUYGHUES DESPOINTES, H. (2003): “Passage par le chômage et dynamique des revenus”, en: *DARES: Premières informations et premières synthèses*, núm. 4, 3, (xaneiro). París: Ministère de l’Emploi et de la Solidarité.
- CARDOSO, A. (2000): *Trabalhar, verbo transitivo*. Rio: Editora da FGV.
- CASTEL, R. (1995): *Les métamorphoses de la question sociale: une chronique du salariat*. París: Fayard.
- CHOFFEL, PH.; DELATTRE, E. (2003): “Habiter un quartier défavorisé: quels effets sur la durée de chômage?”, en: *DARES: Premières informations et premières synthèses*, núm. 43, 1, (outubro). París: Ministère de l’Emploi et de la Solidarité.
- COMIN, A. (2003): *Mudanças na estrutura socio-ocupacional do mercado de trabalho em São Paulo*. (Tese de doutoramento en Socioloxía). São Paulo: Universidade de São Paulo.
- DEDECCA, C.S. (1999): *Racionalização econômica e trabalho no capitalismo avançado*. (Coleção Teses). Campinas: Unicamp-IE.
- DEMAZIÈRE, D. (1995): *La sociologie du chômage*. París: La Découverte.
- DEMAZIÈRE, D. (1995a): “La construction sociale du chômage de longue durée”, en: *Le chômage de longue durée*, cap. 1, pp. 5-31. París: PUF.

- DEMAZIÈRE, D.; DUBAR, CL. (1997) *Analyser les entretiens biographiques: l'exemple des récits d'insertion*. Paris: Nathan.
- DEMAZIÈRE, D.; GUIMARÃES, N.A.; HIRATA, H.S.; PIGNONI, M.T.; SUGITA, K. (2000): *Chômage: approches institutionnelle et biographique. Une comparaison Brésil, France, Japon*. Paris: Mars.
- GALLIE, D.; PAUGAM, S. (2000): *Welfare Regimes and the Experience of Unemployment in Europe*. Oxford: Oxford University Press.
- FREYSSINET, J. (1984): *Le chômage*. Paris: La Découverte.
- FREYSSINET, J. (1997): "Le rôle du chômage de masse dans la flexibilisation de l'emploi", en B. Appay e A.N. Thébaud-Mony [ed.]: *Précarisation sociale, travail et santé*, pp. 229-239. Paris: IRESCO.
- FRIOT, B.; ROSE, J. (1996): *La construction sociale de l'emploi en France. Les années soixante à aujourd'hui*, cap. 1, pp. 9-46. Paris: L'Harmattan/Forum.
- GAUTIÉ, J. (2003): "Transitions et trajectoires sur le marché du travail", *Quatre-Pages*, núm. 59, (setembro). Paris: Centre d'Études sur l'Emploi.
- GRANOVETTER, M.S. (1973): "The Strength of Weak Ties", *American Journal of Sociology*, pp. 1361-1380.
- GUIMARÃES, N.A. (2003): "Transições ocupacionais. Uma análise da região metropolitana de São Paulo (1994-2001)", *Seminário CEM-SEI Mobilidade Ocupacional da Força de Trabalho*. Salvador.
- GUIMARÃES, N.A. (2004a): "Transições ocupacionais e formas do desemprego em São Paulo e Paris", *Seminário sobre Estrutura Social e Segregação Espacial: São Paulo, Rio de Janeiro e Paris*. (Comunicación á mesa redonda "Dinâmica do mercado de trabalho e emprego). São Paulo: Centro de Estudos da Metrópole (CEM)/Cebrap.
- GUIMARÃES, N.A. (2004b): "Welfare Regimes and Occupational Trajectories. Unemployment in São Paulo, Paris and Tokyo", *16th Annual Meeting, SASE-Society for the Advancement on Socio-Economics, Washington, Research Network on "Labor Markets, Education and Human Resources*. (En www.sase.org).
- GUIMARÃES, N.A. et al. (2003): *Desemprego. Abordagens institucional e biográfica. Uma comparação Brasil, França, Japão*. (Relatório Final do Auxílio CNPq 469792-00). São Paulo. (En <http://www.fflch.usp.br/sociologia/nadya>).
- GUIMARÃES, N.A.; HIRATA, H.; MONTAGNER, P.; SUGITA, K. (2003) "Desemprego: atores, instituições e políticas numa perspectiva comparada", *XI Congresso da FIEALC*. Osaka.
- GUIMARÃES, N.A.; SILVA, P.H.; FARBELOW, M.V. (2004): "Transições ocupacionais, recorrência do desemprego e desigualdades de sexo e cor. São Paulo numa perspectiva comparada", *VIII Congresso Luso-Afro-Brasileiro de Ciências Sociais*, (Painel 50). Coimbra.
- LAUTIER, B. (1987): "Fixation restreinte dans le salariat, secteur informel et politique d'emploi en Amérique Latine", *Revue Tiers Monde*, núm. 110.
- MARUANI, M. (2002): *Les mécomptes du chômage*. Paris: Bayard.
- MARUANI, M.; REYNAUD, E. (1993): *Sociologie de l'emploi*, cap. II, pp. 26-45. (Collection Repères, núm. 132). Paris: La Découverte.
- PIGNONY, M.T.; POUJOULY, CH. (1999): "Trajectoires professionnelles et récurrence du chômage", en DARES: *Premières informations et premières synthèses*, núm. 14, 3, (abril). Paris: Ministère de l'Emploi et de la Solidarité.

Guimarães, N.A.

Transicións ocupacionais e representacións...

PIGNONY, M.T.; POUJOULY, CH.; VINEY, X. (1998): “Sortir du chômage: des chances inégales selon le contexte local”, en DARES: *Premières informations et premières synthèses*, núm. 26, 1, (xuño). París: Ministère de l’Emploi et de la Solidarité.
SUPIOT, A. [ed.] (1999): *Au-delà de l’emploi*. París: Flammarion.